

Na busca de entendemento: complexidades no diálogo entre México e EUA

Description

O pasado 23 de febreiro producíase o primeiro encontro formal entre delegados dos gobernos de Donald Trump e Enrique Peña Nieto. O secretario de seguridade de EUA, John Kelly e o xefe da diplomacia, Rex Tillerson, arribaban a México para unha primeira toma de contacto e tentar limar asperezas entre ambos executivos, buscando avanzar acordos en materia migratoria e de seguridade. Sen embargo, o clima non parecía o máis idóneo, pois nos días previos anunciábanse dende Washington medidas drásticas e unilaterais que producían profundo malestar no seo do goberno mexicano.

O pasado 23 de febreiro producíase o primeiro encontro formal entre delegados dos gobernos de Donald Trump e Enrique Peña Nieto. O secretario de seguridade de EUA, John Kelly e o xefe da diplomacia, Rex Tillerson, arribaban a México para unha primeira toma de contacto e tentar limar asperezas entre ambos executivos, buscando avanzar acordos en materia migratoria e de seguridade. Sen embargo, o clima non parecía o máis idóneo, pois nos días previos anunciábanse dende Washington medidas drásticas e unilaterais que producían profundo malestar no seo do goberno mexicano.

En concreto, un memorando migratorio que sinala a posibilidade de deportar a inmigrantes irregulares cara territorio “do Estado contiguo polo que chegaron”⁽¹⁾, independentemente da súa orixe, mentres se tramitan as solicitudes de asilo (por ver a súa cabida na lexislación internacional e nas normativas de Dereitos Humanos). Do mesmo xeito, as palabras do presidente Trump⁽²⁾ en referencia á política de deportacións, de tratar o proceso de forma “militar”, afondaban a discrepancias e a conflictividade co goberno de Peña Nieto.

As relacións atopábanse xa bastante deterioradas, especialmente trala polémica do muro e a “obrigatoriedade” de que México pagara por el, co maior pico de tensión trala cancelación da viaxe de Peña Nieto a Washington. Con esta reunión, que completaban o Secretario de Gobernación Miguel Osorio Chong e o Secretario de Relacións Exteriores Luis Videgaray, pretendíase reconducir o diálogo entre ambos gobernos, máis o seu resultado parece que tivo diversas lecturas segundo as observacións de cada un dos interlocutores.

Diferentes puntos de vista

Os representantes mexicanos xa auguraban un diálogo longo e difícil e remarcaban a existencia de diferenzas públicas e notorias, mentres se apresuraban a criticar as medidas que se están tomando en materia migratoria dende Washington. Con énfases neste campo, entendendo que se podería menoscabar a soberanía das súas fronteiras, o plan para deportar inmigrantes doutras nacionalidades a solo mexicano centrou o discurso de Chong e Videgaray tralo encontro: “*nosotros no podemos recibirlos, fuimos muy claros en ese sentido y no los vamos a recibir*” – “*no vamos a aceptar disposiciones que, de manera unilateral, un gobierno le quiera imponer a otro*”

Tamén parece preocupar, alentado polas declaracións sobre a “militarización” do programa migratorio, unha posible treboada de deportacións masivas de mexicanos e a vulneración dos seus dereitos (co risco engadido da fragmentación dos núcleos familiares), chegando incluso a facer alusión a requirir na disputa a organismos multilaterais como as Nacións Unidas.

Esta actitude máis proactiva supuxo un cambio significativo no discurso mexicano. Semella que a administración que dirixe Peña Nieto comeza a reaccionar ás provocacións e envites do seu veciño. Se ata agora mantivera un perfil baixo, trala reunión do pasado día 23 produciuse a primeira reacción minimamente contundente. Está por ver se esta elevación de ton vai máis aló de meras exposicións públicas e se traduce unha presión efectiva nas negociacións futuras, tanto no tema migratorio como no comercial, onde a priori México podería levar as de perder.

Pola súa banda, a postura amosada por Tillerson e Kelly contrastaba enormemente coa dos seus homólogos mexicanos.

Cun ton máis rebaixado do habitual exaltaron a colaboración e a relación futura entre ambas nacións, a vontade mutua de chegar a acordos que satisfagan a ambos estados (recoñecendo as súas diferenzas) e restaban importancia ás noticias que precedían á súa viaxe.

Tillerson reafirmaba o compromiso de fortalecer os mecanismos das institucións e os intercambios produtivos de seguridade e prosperidade entre ambos países, liña que parecía compartir Videgaray no referente a temas comerciais e ao “*imperio de Lei*”, no referente ao tráfico ilícito en tódalas súas modalidades. Pola súa banda, Kelly esforzábase por suavizar as informacións sobre os memorandos, explicando que houbera “*lecturas equivocadas*” sobre as súas disposicións e asegurando que nin se producirían deportacións masivas nin se utilizarían elementos militares contra a inmigración ilegal, así como garantindo o respecto aos dereitos dos migrantes e aos procesos e trámites legais.

Resulta curiosa a dualidade da postura norteamericana: mentres a retórica anti-inmigración e o discurso altamente belixerante cara México son unha constante para o presidente Trump, os seus delegados mostran una cara máis afable mentres matizan as súas palabras e suavizan as iniciativas políticas.

Podería tratarse dunha estratexia premeditada, dunha sorte de *poli bo/poli malo*, destinada a favorecer os intereses estadounidenses nunhas inminentes negociacións. Sen embargo non está claro que Trump se mova baixo unha estratexia determinada, pois a improvisación semella unha característica deste goberno. Quizais só responda ao intento de mitigar os exabruptos dun presidente altamente impulsivo e con tendencia ás declaracións incendiarias, mais, como todo o que engloba a actual Casa Branca, non resulta claro.

O que parece claro é que as relacións entre ambos executivos mostran visos de manterse nunha constante tirapuxa, no que comeza a denominarse como “o día da marmota” do diálogo méxico-estadounidense, máis aínda nas pendentes e próximas negociacións en materia comercial.

A cuestión centroamericana

Si parece existir unha liña común de entendemento respecto á situación dos países do Triángulo Norte Centroamericano (TNCA). Dado que o incremento paulatino dos migrantes procedentes desta área supón unha problemática para ámbolos países, Videgaray mostrouse alentado ao encontrar coincidencias no diagnóstico do problema e da vontade de establecer estratexias conxuntas para favorecer o desenvolvemento e estabilidade da rexión, materializándose na organización nos próximos meses dunha reunión con representantes destes países.

Pola súa banda, a falta de resposta do TNCA cara as políticas migratorias e comerciais dos EUA, co risco que suporían unhas hipotéticas deportacións masivas⁽³⁾ ou o empeoramento dos acordos comerciais (recordemos a dependencia económica das remesas procedentes dos EUA, que chegan a supoñer máis do 10% do PIB) resulta canto menos chocante.

Dita actitude parece responder a diversas causas: o menor peso internacional dos seus executivos (deixando na fronte só a México); a confianza no Secretario John Kelly, con amplo coñecemento da rexión, como xefe do Comando Sur; e a necesidade de evitar unha confrontación que puidese modificar ou cancelar a concesión e mantemento dos *Estatus de Protección Temporal* (TPS), concedidos e renovados dende os 80/90⁽⁴⁾.

Sexa como for, semella resultar unha estratexia arriscada e, de non obter os resultados esperados, o aumento masivo nas deportacións suporía un impacto de difícil asunción no débil tecido socioeconómico da rexión.

Alexandre Rey Parrado,

*licenciado en Historia (USC) e estudante no Master “Seguridade, Paz e Conflictos Internacionais” (USC/CESEG),
actualmente realiza prácticas no IGADI.*

Citas:

- (1) “A sección 235(b)(2)(C) do INA autoriza ao Departamento a retornar aos inmigrantes, chegados dun territorio contiguo aos EUA, a dito territorio [...]” <https://www.documentcloud.org/documents/3468371-doc00343320170218152612.html>
- (2) <http://www.elmundo.es/internacional/2017/02/23/58af23beca4741542b8b459a.html>
- (3) Non só pola débil situación socioeconómica destes países, recordemos a experiencia das deportacións da década de 1990, que levaron consigo a magnificación e expansión do fenómeno das *maras* por toda a rexión.
- (4) <https://www.uscis.gov/es/TPS>

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Latinoamérica

ETIQUETAS

EUA México violencia Migración Donald Trump Seguridade

IDIOMA

Galego

INVESTIGACION

Relacións Internacionais

Date Created

Marzo 6, 2017

Meta Fields

Autoria : 3769

Datapublicacion : 2017-03-06 00:00:00

Subtitulo : Unha análise de Alexandre Rey Parrado (estudante en prácticas da USC)